

REFORZO EDUCATIVO PARA A ÁREA DE LINGUA ESCRITA EN 2º DE PRIMARIA

(Alumnado que recibe apoio de Audición e Linguaxe)

Para o alumnado que presenta algunha dificultade na lectoescritura aquí van máis consellos e suxestións para este último trimestre:

- Escoitamos o conto de "Pepita e Miguel", que é un método fonético, visual e xestual para a aprendizaxe da lectura. Podedes atopalo neste apartado de Audición e Linguaxe/Recursos/Conto para aprender a ler.
- Podedes facer algunhas fichas das letras nas que necesite reforzo o voso fillo ou filla. Na páxina web www.educarm.es atoparedes unha morea de material para cada letra. Apoiadevos sempre no son e no xesto de cada letra.
- Podedes realizar ditados ou composicións de palabras coas letras nas que presenten maiores dificultades con material manipulativo: a baralla de Lamela se a tedes por casa, letras magnéticas... Aquí o importante é alongar moito o son de cada letra. Ver "Audición e Linguaxe/Recursos/Buscando palabras escondidas".
- Escribir oracións sinxelas: poden escribilas ao ditado ou inventalas eles mesmos. Sempre teñen que contar primeiro as palabras cos dedos da man e, ao finalizar, revisar se coincide o número de palabras contadas coas escritas. Para máis aclaracións ir a: Audición e Linguaxe/Axuda ás familias/ Como separar palabras.
Unha variante máis divertida é darlle dúas palabras que non teñen relación ente elas para que formen unha frase. Podedes atopar material de este tipo no apartado: Audición e Linguaxe/Recursos/Escritura creativa: binomio fantástico.

- Recordádelles que cada oración se empeza sempre con maiúscula e remata con punto.
- Ao final poden facer o debuxo da súa frase.

Cando teñen este paso dominado, poden empezar a escribir un conto sinxelo, completando as seguintes oracións:

“Érase una vez...”

“Un día...”

“Ao final...”

Poden axudarse co material “Creamos os nosos propios contos” (Ver “Recursos”).

- Outros xogos que axudan na mellora da lectoescritura e que podedes atopar nesta páxina web, no apartado de Audición e Linguaxe/Recursos, son os seguintes: Xogos de lapis e papel; Xogo de discriminación auditiva; Xogamos ás rimas; Como soa?; Xogos de mesa: trivial fonolóxico; Xogo da oca ortográfica; Corta o lio...
- Ademais, hai que dedicar sempre un ratinho do día a ler algún conto sinxelo e escoitar tamén diferentes historias que podemos contarlles os adultos. Máis recomendacións en: Audición e Linguaxe/Axuda ás familias/Quedamos na casa.

Moito ánimo que xa estamos na recta final!

Nuria

